

colonial ser ainda pouco explorada pela historiografia nacional, sobretudo quando comparada com o interesse manifestado extrafronteiras. Metodologicamente, são também poucos os estudos transnacionais, sendo quase sempre usadas as dimensões nacionais, tendência que Beato & Pintasilgo corroboram também, sublinhando a falta de estudos transversais às fronteiras políticas, nomeadamente que contemplam as problemáticas “da circulação e das histórias conectadas” (pp. 224-225).


Os últimos dois artigos da primeira parte mostram ainda uma preocupação com o estatuto teórico e metodológico de fontes que, pela sua natureza, tiveram grande dificuldade em se fazer enunciar como prova científica. Neste sentido, Mogarro reflete sobre a inegável dimensão que os testemunhos orais ganharam nas metodologias usadas em História da Educação, tanto para reconstituir o passado recente, como para problematizar a herança educativa, sugerindo a necessidade de assumir esta fonte, sobre a qual se deve continuar a dinamizar a reflexão. Cabeleira, por sua vez, coloca a interrogação sobre as imagens como fonte, mostrando como estamos ainda na infância da sua utilização, geralmente ingénua e sem aparato crítico, cegos que estamos para o facto de a imagem ser parte inerente e inalienável da educação moderna, tal como ela se foi construindo desde o século XV.

Esta panóplia de faltas, assinaladas de modo discreto mas contundente nos textos em apreço, acompanha-se pelo fôlego de as suprir trazido quer pelo aprofundamento e indicação dos autores de cada um dos estudos, quer ainda pelo texto didático e inspirador de António Nóvoa, “Cartas a um jovem historiador da educação” (reproduzido por cortesia da revista Historia

y Memoria de la Educación), publicado em anexo. São oferecidos nove conselhos a quem os quiser ouvir, sendo de reproduzir aqui o parágrafo derradeiro do oitavo, que incita ao “Conhece com responsabilidade”: “A universidade está repleta de trabalhos ‘relevantes’ que não tiveram nenhuma utilidade, e de muitos outros, ‘irrelevantes’, que abriram novas maneiras de educar. A história não serve para nada, a não ser para pensar. E isto é tudo” (p. 212).

Ana Luísa FERNANDES PAZ

Instituto de Educação,  
Universidade de Lisboa



**ESCOLANO BENITO, Agustín. (2016). *La escuela como cultura. Experiencia, memoria, arqueología*. Ferrara: Volta la Carta Edizioni. 268 pp. ISBN 978-88-993020-2-3.**

*La escuela como cultura. Experiencia, memoria, arqueología* (con primeira edición en italiano, *La cultura empirica della scuola. Esperienza, memoria, archeologia*, do que proximamente se vai publicar o orixinal en español, editado en Campinas, Brasil, por Alínea Editora, xunto coa edición portuguesa (*A escola como cultura. Experiências, memórias e arqueología*) e unha versión *online* en español) recolle a proposta que fai aos historiadores da educación o recoñecido profesor Agustín Escolano. Unha proposta dirixida a prestar una meirande atención investigativa á acción, como fonte de toda construcción cultural, a fin de “revalorizar” a práctica educativa. Para isto, o autor considera necesario adoptar un “enfoque etnolóxico” sobre os rexistros que nos legou o arquivo da memoria, porque tales rexistros constitúen elementos indispensables para definir as representacións factuais da práctica aplicada nas institucións educativas, tanto no pasado como no presente, e que a estes efectos forman o núcleo da cultura empírica da escola.

O profesor Escolano centra, así, a súa atención no mundo da experiencia, para poñer en valor a práctica dos docentes, frecuentemente neglixenciada, como froito dunha experiencia ensaiada e mediada. Unha proposta que se estrutura en torno a catro eixes temáticos fortemente entrelazados: a experiencia, a cultura, a memoria e a arqueoloxía, que dan nome a cada un dos capítulos en que se organiza o *corpus* da publicación: “Aprender de la experiencia”, “La praxis escolar como cultura”, “La escuela como memoria” y “Arqueología de la escuela”. Ademais dun apartado introdutorio que titula “La es-

cuela como cultura” e unha Coda baixo o epígrafe “Cultura de la escuela, educación patrimonial y ciudadanía”.

*La escuela como cultura...* trata de achegar unha explicación reflexiva á lóxica que sostén a praxe cotiá das aulas nos seus diferentes niveis. Trata de interpretar o sentido das accións, de descifrar os códigos que conforman “la epifanía de lo real”, de explicar aquelas condutas empíricas nas que interveñen os actores da educación, para poder entender as claves semánticas e culturais que afectan á definición de todo ese universo material no que están instaladas as institucións de formación.

### 1.- “Aprender de la experiencia”

Neste primeiro eixe temático, o profesor Escolano pecha o foco sobre os ensinantes, “agentes primarios de la cultura escolar”, e reflexiona sobre a riqueza da súa achega á práctica nas institucións (“*El retorno de la experiencia*” e “*Confesiones de un enseñante*”). Outro punto de atención centrarse nos planteamentos de renovación pedagógica que os ensinantes desenvolveron ao longo do tempo, na procura de respuestas, a través do seu activismo pedagógico (“*La acción en la escuela renovada*”), que o autor considera a corrente de cambio educativo mellor acreditada en termos de validación histórica.

Pero non só se trata de acoller as voces dos ensinantes; tamén, o que hai uns anos se acuñou como os ‘silencios da escola’, é dicir, o acervo que a historia da educación, dominada ata hai pouco polas orientacións idealistas e positivistas, tiña menosprezado, e que Agustín Escolano aborda en “*Cultura efectual e historia*”,

*"Viaje a la memoria y a la ficción".* Estas pautas inclúen os mecanismos de normalización (*"La ritualización de la experiencia"*, *"Culturas escolares en interacción"*) que a xuízo do autor conforman a cultura empírica da escola, “en gran medida formada por una cadea de rituales internos de interacción y condicionada al tiempo por las ritualidades del mundo de la vida que operan contextualmente, influyendo sobre las instituciones de formación”.

## 2.- “La praxis escolar como cultura”

Neste capítulo analízase a construcción, desde a memoria, desta cultura da praxe escolar, partindo da existencia de tres enfoques (*“Las tres culturas de la escuela”*): empírico, académico e político, así como das súas interacciones en clave creativa e xeradora. Para iso, apóiase nalgúns contribucións recentes, explicando como a nova historia cultural ten ido revalorizando a dimensión práctica das institucións (*“La praxis como cultura”*), e como os estudos etnográficos e hermenéuticos introduciron novos enfoques acerca da cultura da escola. E cita o caso de ensinantes cunha rica experiencia, pese á distancia académica do ‘normalismo’, que crearon e difundiron boas prácticas (*“Maestros “ignorantes”, enseñantes con oficio”*) dando orixe a unha certa tradición corporativa que o autor denomina ‘empírico-artesanal’. Dese modo, afirma que alí onde estes docentes desempeñaron a súa profesión, implantaron pautas de ensino/aprendizaxe inspiradas nunha pedagogía vernácula de tipo popular baseada na cultura práctica, con fortes resistencias ás metodoloxías oficiais procedentes, e en certo modo impostas, pola administración educativa ou polas escolas

normais. (*“Cultura popular y pedagogía vernácula”*).

En moitos casos, a creación de certas pautas na forma de traballar e na estrutura organizativa das institucións obedece ao peso da experiencia, que se vai depurando nos procesos de selección cultural e a través das diversas apropiacións adaptativas. Nas ditas pautas, ou códigos, radica o que o autor denomina ‘la gramática de la escuela’, dalgún xeito recollida na *black box* (*“La ‘caja negra’ de la escuela”*), que asegura a autorregulación da vida escolar.

Nos apartados finais deste capítulo abórdanse os modos de comprender, explicar e interpretar a experiencia e as súas representacións desde unha aproximación etnográfica e hermenéutica. En *“Del tacto a la phrónesis”* refírese a esa capacidade pedagóxica transversal, composta de intelixencia práctica, sentido ético ou sensibilidade, entre outros elementos necesarios para adaptar á realidade escolar as prescricións normativas oficiais, e que transcende á lóxica puramente instrumental, fundamentada na ciencia positiva e na tecnoloxía.

En *“Experiencia y hermenéutica”* alude aos procesos interpretativos, de carácter construtivista e dialéctico, mediante o traballo con pegadas, indicios ou signos, más alá da escola, como vía de achegamento á verdade, á comprensión dos feitos que forman a memoria y nos que se basea a experiencia acumulada, neste caso, no ámbito escolar. En *“Etnohistoria de la escuela”*, o autor defende a necesidade de establecer unha aproximación á interpretación da praxe docente desde as regras da investigación etnográfica, unha orientación más antropolóxica que historiográfica,

aludindo a algunha das súas orientacións metodolóxicas.

### **3.- “La escuela como memoria”**

A memoria escolar determina moitos dos nosos comportamentos ao longo da vida. Nese sentido, o capítulo aborda as posibilidades que ofrece o patrimonio escolar como memoria a preservar e difundir, así como as súas virtualidades terapéuticas e hermenéuticas. O profesor Escolano examina en clave espazo-temporal o valor das lembranzas e os contidos que arquiva esta memoria e a súa posterior influencia nos nosos hábitos e comportamentos. Ademais, analiza a forma en que chegamos a incorporar diversos patróns relacionados co deseño, a ergonomía e a funcionalidade dos elementos que componen a cultura material das escolas (prácticas corporais, xestualidades, formas de escritura e grafismo, modos de oralidade, técnicas de cálculo e topoloxía...) e que, como advirte o autor, “han llegado a sobredeterminar nuestras maneras de estar en el mundo” afectando a todas as dimensións antropolóxicas dos suxeitos, ás cognitivas, ás psicofísicas, e incluso ás emocionais.

Nos tres primeiros apartados deste capítulo (*“Memoria de la escuela e identidad narrativa”*, *“La escuela en el recuerdo”*, *“Los contenidos de la memoria”*) analízase a cultura escolar desde a súa dimensión como memoria. Exáminese o valor das lembranzas escolares e os contidos que esta memoria arquiva e alúdese, entre outras cousas, á influencia espazo-temporal que ten exercido a práctica educativa na estruturación do esquema corporal dos individuos sometidos aos dispositivos disciplinarios impostos pola escola. A memoria é, ao tempo, unha cultura encarnada, isto

é, unha tradición incorporada á nosa propia subxectividade e á dos outros, que polo tanto forma parte da nosa biografía (*“Patrones de la cultura escolar”*). Nese sentido, o autor analiza o papel da memoria na fixación das prácticas de sociabilidade escolar entre os pares de idade e na creación de estereotipos verbo da figura docente e os seus roles. Pola súa parte, en *“Relato y memoria terapéutica”* analízase o valor dos obxectos, as imaxes ou os sons como estímulos activadores das lembranzas a través dun experimento clínico desenvolvido no CEINCE.

Por último, en *“Hermeneutizar la memoria”*, deféndese o papel da hermenéutica para aproximarnos á comprensión e interpretación dos procesos formativos individuais e colectivos, entre os que se atopan os relacionados coa experiencia escolar vivida e recuperada: “Hermeneutizar las memorias de las personas educadas es promover la lectura intersubjetiva de la cultura escolar, de la formación recibida, de los lenguajes en que se ha vehiculado y de las pautas antropológicas que han constituido al grupo humano de pertenencia”.

### **4.- “Arqueología de la escuela”**

Este último capítulo plantea a necesidade de aplicar unha mirada arqueolóxica sobre a memoria da escola (*“La mirada arqueológica sobre la escuela”*) como “una forma de arqueología del saber y del hacer que conduce a definir, con perspectiva antropológica y hermenéutica, la construcción sociohistórica de una nueva subjetividad y de una cultura basada en las positividades”, e ofrece algúns exemplos (*“Materialidades con memoria”*) a través de catro experiencias. A primeira (*“La infancia recuperada”*) amosa como unha vivencia museográfica

pode facer aflorar lembranzas escolares. Neste sentido, “la arqueología desemboca en la construcción de un relato que emana de la narratividad que ofrecen los sujetos al recuperar su infancia particular y al cotejarla con otras infancias”.

A segunda experiencia (*“Escuela palimpsesto”*) corresponde á visita a unha escola rural do século XIX nas terras de Soria desde as que se suscitan as presentes reflexións, clausurada décadas atrás. A observación antropolóxica dos restos materiais e a lectura e interpretación detallada das pegadas converte ao xacemento nunha especie de ‘palimpsesto’, ‘toda vez que en él se observan objetos, escrituras e imágenes correspondientes a varios estratos históricos, tanto en lo que se refiere a las materialidades como en lo que afecta a los registros gráficos de la expresión infantil’.

O terceiro achegamento (*“El legado de otra cultura”*) expón o achado inesperado dun xacemento de extraordinario interese por tratarse de material escolar anterior a 1939, pertencente a alumna dunha escola nacional-socialista alemana, “escrituras y otros grafismos infantiles dan cuenta de los caracteres que imprimieron señas de identidad a un tipo de educación, el que corresponde a una cultura marcadamente autoritaria”.

A última das experiencias comentadas (*“Huellas en las basuras”*) deriva da peculiar exploración que un habitante rural realiza nos depósitos de lixo buscando materiais residuais de orixe escolar, que ‘resucita’ a través da súa revalorización mediante un novo significado. Deste modo, “analizar los deshechos de la escuela no sólo invita a indagar el porqué de estos actos de devaluación de la experiencia educativa, sino

a aplicar una mirada arqueolóxica sobre estos restos para explorar en ellos indicios de una semántica cultural”. Esta análise, conclúe o autor, completaríase coa información que os escolares deixan, tamén, entre as páxinas dos manuais, cuxo contenido e significado revelan moitos segredos da vida infantil, pois o “lixo” que o etnógrafo descobre entre as páxinas dos textos posúe “toda una lógica que guarda relación con las pautas de la sociabilidad informal de los menores y con la construcción de su misma subjetividad personal en un determinado momento histórico”.

Conclúe este capítulo co apartado *“Arqueología y memoria: una nueva subjetividad”*, no que o autor reflexiona sobre as posibilidades que achega a mirada antropolóxica para un maior enriquecemento semántico da memoria. As catro situacións vividas sobre escenarios reais plantean novos interrogantes á etnohistoria e ofrecen novas miradas, desde un plano arqueolóxico, sobre os elementos materiais que conforman a memoria.

#### **Coda: “Cultura de la escuela, educación patrimonial y ciudadanía”**

Péchase este traballo cunha Coda na que se convida aos estudiosos da historia da educación a construír ‘una nueva educación histórica de la ciudadanía’ partindo, dun lado, da hermenéutica, “que conduce en último término a la búsqueda de una interpretación compartida, consensuada o crítica, siempre en clave pluritópica e intersubjetiva, de lo que la cultura de la escuela ha significado en la construcción de nuestras memorias personales y colectivas y de las de los demás”; doutro lado, do fomento dunha educación patrimonial, que conceda un novo valor aos rexistros materiais das

lembanzas, transformándoos en bens culturais e formativos.

“La cultura de la escuela se teje en el mundo de la experiencia y se constituye en conocimiento a partir de las prácticas que se llevan a cabo en las instituciones educativas”. Quizás sexa, en fin, unha das reflexións que mellor condensan o espírito deste traballo. Unha reflexión densamente fundamentada en documentos e análises historiográficos e teóricos sobre a posta en valor da práctica como unha fonte inestimable da que se ten nutrido ao longo do tempo a cultura escolar: “la racionalidad que parte de la actividad pragmática –olvidada o subestimada hasta ahora por muchos– como fuente de cultura. La práctica como cultura o la cultura como práctica”.

Cabería preguntarse finalmente se este ensaio non sexa unha especie de invitación que o profesor Escolano quere dedicar á xeración máis nova de historiadores da educación, e aos que ofrece unha mirada renovada á hora de investigar, de interpretar e de entender os significados da práctica educativa como unha dimensión imprescindible para novos estudos da cultura escolar.

Un ensaio elaborado condensando unha forte carga filosófica, antropológica e sociolóxica, como amosa a profusión de citas e referencias a autores pertencentes a estes campos. Un texto erudito, como xa nos ten acostumados, que con todo ofrece unha lectura intelectualmente provocadora, cun tratamento da linguaxe moi preciso, o que non lle resta riqueza expresiva na exposición dos enunciados, así como nos abundantes chamadas á cultura clásica. Ademais dun cuidado e atractivo tratamen-

to iconográfico, un trazo que adoita ser característico no conxunto da súa obra.

A través deste traballo, Agustín Escolano amosa, unha vez máis, a súa profunda consciencia no campo da historia da educación, precedida dunhainxente actividade investigadora en todos os campos da actividade escolar con atención histórico-educativa; entre a que se inclúe a creación e sostemento do CEINCE (Centro Internacional de la Cultura Escolar, en berlanga de Duero, provincia e Soria), referente internacional para os estudiosos da manualística escolar.

Unha traxectoria académica e investigadora, en fin, de amplio recoñecemento no Estado e no estranxeiro, como o demostra o recente nomeamento Doctor honoris causa pola Universidade de Lisboa (2015). Un recoñecemento ao que nos sumamos tamén, desde a SEDHE e o HISTEDUP, recentemente en Lugo, no marco do VIII Encuentro/Encontro Ibérico de Historia da Educación.

O libro foi editado en pouco tempo en distintas versións e idiomas. Para un mellor recoñecimento pasamos os datos bibliográficos das distintas edicións:

ESCOLANO BENITO, Agustín (2016). *La cultura empírica della scuola. Esperienza, memoria, archeologia*. Ferrara: Volta la Carta Edizioni. 268 pp. ISBN 978-88-993020-2-3


ESCOLANO BENITO, Agustín (2017). *A escola como cultura. Experiências, memórias e arqueología*. Campinas (Brasil): Editora Alínea. 262 pp. ISBN 978-85-7516-790-8 (Edición en lingua portuguesa).

ESCOLANO BENITO, Agustín (2017). *La escuela como cultura. Experiencia,*

*memoria, arqueología. Campinas (Brasil): Editora Alínea. 326 pp. ISBN 978-85-7516-792-2 (Edición en lingua castelá con Prefacio de Antón Costa).*

**Edición en lingua castelá on line:**  
[https://www.amazon.com/Escuela-como-Cultura-experiencia-arqueolog%C3%ADA-ebook/dp/B06Y1TXK7W/ref=sr\\_1\\_1?s=books&ie=UTF8&qid=1493379179&sr=1-1#reader\\_B06Y1TXK7W](https://www.amazon.com/Escuela-como-Cultura-experiencia-arqueolog%C3%ADA-ebook/dp/B06Y1TXK7W/ref=sr_1_1?s=books&ie=UTF8&qid=1493379179&sr=1-1#reader_B06Y1TXK7W)

Xosé M. MALHEIRO GUTIÉRREZ  
UDC



**ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ, P. (Coord.)**  
(2016). *Los Museos Pedagógicos en España. Entre la memoria y la creatividad.* Gijón: Trea.

A obra coordinada por parte do pedagogo e historiador da educación Pablo Álvarez Domínguez desde a Universidade de Sevilla e recentemente coeditada coa

colaboración da Sociedade Española para o Estudo do Patrimonio Histórico Educativo (SEPHE), permítenos realizar unha suxeitiva viaxe entre realidades pasadas, presentes e expectativas futuras, referidas aos diversos Museos Pedagógicos existentes no estado español.

Pode ser conveniente sinalar que na lonxana data de 1882 abría as súas portas o Museo Pedagógico Nacional en Madrid, daquela pensado como unha institución que podía presentar os avances da educación en diversos lugares do mundo e singularmente nos países europeos considerados más avanzados. Como tal e ata a fin da II República este Museo Pedagógico tivo unha incidencia notable na renovación educativa española, converténdose nun lugar de case necesaria visita por parte dos ensinantes que desde diversos puntos da xeografía española viaxaban a Madrid por algúna circunstancia profesional.

Durante o franquismo non se contou cunha institución con similar cometido, pero nos últimos anos do século XX, segundo unha práctica estendida por Alemania e outros países europeos e da man da renovación historiográfica que deu realce ao estudo do patrimonio escolar, dos currículos e das mediacións que fan posible a acción escolar (recursos técnicos, libros de texto, materiais didácticos de ampla gama, cadernos escolares...), puxérонse en marcha diversas iniciativas ligadas ao estudo da historia da educación en diversos lugares da xeografía española, entre elas o MUPEGA, así como unha rede académica de estudio.

Iniciativas das que se fala neste volume que aquí presentamos. En cada un dos dezasete capítulos nos que se estrutura,